

Sendo as 18:30 do día 9 de febreiro de 2026 reúnese en sesión ordinaria o **Consello Escolar do CEIP de Pedrouzos (Brión)**, coa ausencia de Laura Zapata Criado, cos seguintes puntos:

1. Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.
2. Presentación de contas do centro 2025 e aprobación, se procede.
3. Presentación de contas do comedor 2025 e aprobación, se procede.
4. Información de reserva prazas centros adscritos.
5. Xornada de portas abertas.
6. Presentación do documento de normas e funcionamento do centro.
7. Informe do equipo directivo.
8. Rolda de intervencións.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

Apróbase por unanimidade.

2. Presentación de contas do centro 2025 e aprobación, se procede.

Preséntanse as contas do ano 2025.

<b>CONTAS CENTRO 2025</b>	
<b>INGRESOS</b>	
<b>1.- DOTACIÓNS PROCEDENTES CONSELLERÍA</b>	
Ingresos gastos de funcionamento	44072
Fondo solidario libros de texto	8543,8
Dotacións para a biblioteca escolar	5364,2
Innova-lab	850
Achega centros proxectos de inclusión	2000
Fomento galego	430
Programa Educación Dixital	175
Programa linguas estranxeiras	883
<b>TOTAL</b>	<b>62318</b>
<b>2.- OUTROS ORGANISMOS PÚBLICOS</b>	
Concello Brión	4200
<b>TOTAL</b>	
<b>3.- OUTROS INGRESOS</b>	
Ingreso devolucións	423,52
Compensación gasóleo comedor	3000
Devolución factura bus	2880
Achegas alumnado	9463,79
<b>TOTAL</b>	<b>15767,31</b>

**GASTOS**

<b>RELACIÓN DE GASTOS SEGUNDO OS CONCEPTOS SOLICITADOS POR CONSELLERÍA</b>	
1.- Arrendamentos.	3170,83
2.- Reparacións, mantementos e conservación.	48,4
3.- Material de oficina.	4448,91
4.- Subministracións.	19289,75
5.- Comunicacións.	134,16
6.- Transporte.	17118,67
7.- Traballos realizados por outras empresas	2474,44
8.- Primas e seguros.	
9.- Tributos.	
10.- Axudas a custo e locomoción.	
11.- Gastos diversos.	10232,68
12.- Mobiliario e utensilios inventariables.	3269,99
13.- Outros materiais inventariables.	17674,4
<b>TOTAL</b>	<b>77862,23</b>

<b>RELACIÓN DE GASTOS SEGUNDO DEPARTAMENTOS</b>	
DIRECCIÓN	26784,86
CENTRO	34900,68
CLUB LECTURA	1444,75
ED INFANTIL	2230,19
1º CICLO	1241,14
2º CICLO	2492,65
3º CICLO	1601,88
TICS – AUDIO	497,39
BIBLIOTECA	976,53
PLAMB	1369,16
ORIENTACIÓN	186,98
INGLÉS/PLURILINGÜE	1108,79
MÚSICA	681,68
ED FÍSICA	
DINAMIZACIÓN LINGUA GALEGA	131,13
BENESTAR EMOCIONAL	238,05
CONVIVENCIA	16,25
EXTRAESCOLARES	455,38
PROGRAMA ARCO	930,75
RELIXIÓN	148,83
<b>TOTAL</b>	<b>77862,23</b>

<b>INGRESOS TOTAIS</b>	<b>82285,31</b>
<b>GASTOS TOTAIS</b>	<b>77862,23</b>
<b>DIFERENCIA ENTRE INGRESOS E GASTOS</b>	<b>4423,08</b>

<b>RESUMO ESTADO CONTA BANCARIA</b>	
ESTADO DA CONTA A 31/12/2025	84140,39
CONCILIACIÓN INGRESOS PENDENTES DO 2025	620
CONCILIACIÓN GASTOS PENDENTES DO 2025	184,62
<b>REMANENTE</b>	<b>84575,77</b>

Quedan aprobadas as contas de centro por unanimidade.

### 3. Presentación de contas do comedor 2025 e aprobación, se procede.

Preséntanse as contas do comedor do ano 2025.

<b>CONTAS COMEDOR 2025</b>	
<b>ESTADO DA CONTA A 31/12/2024</b>	
	24700,74
<b>INGRESOS TOTAIS</b>	
INGRESOS CONSELLERÍA	147.769,15
<b>GASTOS TOTAIS</b>	
PROVEEDORES	139674,27
<b>DIFERENCIA ENTRE INGRESOS E GASTOS</b>	
	8094,88
<b>SALDO CONTA BANCARIA A 31/12/2025</b>	
	32599,67
CONCILIA 2024 PAGADA NO 2025	195,95

Quedan aprobadas as contas de comedor por unanimidade.

#### **4. Información de reserva prazas centros adscritos.**

Infórmase das reservas de prazas dos centros adscritos. Solicitudes:

- EEI Os Ánxeles: 22
- EEI Sabaxáns: 5
- CEIP Pedrouzos: 19

Sendo un total de 46 alumnos/as repartidos en 3 unidades de primaria.

En canto á oferta de vacantes, sería:

3 anos: 20 vacantes

4 anos: 12 vacantes

5 anos: 14 vacantes

En primaria:

1º: 37            4º: 3

2º: 10           5º: 0

3º: 0             6º: 0

En canto ao profesorado, 1 praza definitiva con perfil bilingüe.

## **5. Xornada de portas abertas.**

Será o día 2 de marzo e farase público na páxina web do centro.

## **6. Presentación do documento de normas e funcionamento do centro (NOF)**

Preséntase ao consello o documento elaborado e infórmase de que vai a estar na Aula Virtual para poder revisalo e facer as achegas pertinentes. dde que cada ciclo ten o documento o cal ten que revisar.

A data límite é o 30 de marzo e será aprobada, se procede, no mes de maio.

## **7. Informe do equipo directivo.**

Coméntase que as obras de arranxo da greta do ximnasio está orzamentada e adxudicada, ditas obras levaranse a cabo cando faga bo tempo.

En canto ao revestimento da parede do ximnasio, a cal caeu o 19 de xaneiro, avisouse ao Concello e eles aconsellaron dar parte á Consellería. Ata agora estase á espera de que a veñan a revisar a unidade técnica.

En canto á celebración do Entroido, adiouse para o venres 20 de febreiro debido ás condicións meteorolóxicas. O desfile será sobre as 11h e haberá merenda coas familias.

No caso de choiva farase no pavillón. Organizaranse 2 quendas para as familias, a 1º quenda será o alumnado: 4º,5º,6ºEP e 2º quenda, infantil, 1º,2º e 3ºEP. Neste caso non habería merenda.

A secretaria informa dos diferentes ingresos, por parte da Consellería, dos diferentes proxectos educativos solicitados.

## **8. Rolda de intervencións.**

A directora comenta que os ingresos que fai a Consellería ao comedor escolar non están actualizados cos prezos actuais dos alimentos.

A representante do Concello comenta que Brión está dentro do proxecto Comedores Responsables KM0 e que a través do GDR.

Unha membro do consello comenta da importancia de facer o curso de manipulador de alimentos as colaboradoras/es do comedor. A responsable do Concello informa que o GDR realiza estes cursos e que avisará cando se leven a cabo.

Solicítaselle ao Concello cambiar as papeleiras do centro e colocar as cociñas no patio.

Unha membro do consello pregunta cales son as melloras que se van a realizar no patio, a cal se lle responde: dinamización con xogos en diferentes puntos no patio, colocación de mesas, cociñas, redes de pickleball, pintado de pistas, etc.

Preguntan á representante do Concello polo proxecto de obra do colexio, polo que responde que polo de agora non se sabe nada.

Unha membro do consello comenta o mal comportamento dalgúns nenos no comedor e a posible comunicación destes comportamento aos titores/as. A directora comenta que é complicado porque é un servizo complementario.

Sen máis asuntos que tratar, remátase a sesión sendo as 19:45.

V. e pr. A directora

María Gómez Paz

A secretaria

Margarita Campos Espiño